

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ASOCIACIÓN AMICOS PARA A AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA NO CENTRO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación Amicos un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro sempre e cando aparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia ao financiamento dos gastos derivados da execución das obras de ampliación da Residencia no Centro de Atención Integral para Persoas con Discapacidade en Boiro, A Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e cuidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de cuidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto "Renovación o construción de centros residenciais, no residenciais e de día para adaptar prazas ao novo modelo de cuidados de longa duración, - Subproyecto del Objetivo 323 de la Comunidad Autónoma de Galicia".

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a



estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Asociación AMICOS, con sede central en Comoxo (Boiro), é a única entidade que conta cun Centro de Atención Integral (CAI) que aglutina múltiples servizos destinados á atención de persoas adultas con discapacidade, ofrecendo atención residencial, terapéutica, ocupacional, de día, e de rehabilitación. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrència pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Persoas con Discapacidade
Begoña Abeijón Fernández

